

1 DisplayPort



DisplayPort

DisplayPort é unha interface dixital estándar de dispositivos desenrolado pola Asociación de Estándares Electrónicos de Vídeo (VESA). Libre de licenzas e cánones, define un tipo de interconexión destinado principalmente para a transmisión de Vídeo entre unha computadora e o seu monitor. DisplayPort tamén permite a transmisión de Audio para o seu uso, por exemplo, en sistemas de cine en casa, e o envío de Datos, por exemplo USB.

Versións:

- **1.0 a 1.1**

- É a primeira versión, 1.0, e foi aprobada por VESA en Maio de 2006. A versión 1.1 apareceu en Abril de 2007.
- DisplayPort 1.0 permite un máximo de transferencia de 8,64 Gbps sobre un cable de ata 2 metros.



Mini Displayport

- **1.2**

- A versión 1.2 foi aprobada en Decembro do 2009.
- Ofrece un ancho de banda de 17,28 Gbps e implementa a tecnoloxía Multi-Stream Transport que nos permite mandar a sinal a varios monitores á vez.
- Aparece o conector Mini DisplayPort empregado nos portátiles de Apple.



DisplayPort to HDMI



DisplayPort to DVI

- **1.3**

- A versión 1.3 foi aprobada en Setembro do 2014.
- Ofrece un ancho de banda de 32,4 Gbps (4 liñas de 8,1 Gbps).
- Este ancho de banda permite enviar datos a un monitor 4K UHD (3840×2160) a 120Hz, un monitor 5K (5120×2880) a 60Hz ou un monitor 8K UHD (7680×4320) a 30Hz, con color RGB de 24-bit.
- Empregando a tecnoloxía Multi-Stream Transport (MST), esta versión pode soportar 2 monitores two 4K UHD (3840×2160) a 60 Hz ou ata 4 WQXGA (2560×1600) a 60Hz en modo RGB de 24-bit.
- O estándar Thunderbolt 3 non soporta esta versión 1.3 de DisplayPort, pero si soporta a versión 1.2.

- **1.4**

- Esta versión 1.4 soportará *Display Stream Compression 1.2*.

Enlaces:

- [DisplayPort.org](https://displayport.org)
- [DisplayPort vs HDMI](#)

-- [Volver](#)